



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 17 DE ABRIL DE 2019

LICENZAS

FAVORABLE.-

LIC/1931/2018.- PABLO RODRÍGUEZ SALVADO.- Conceder licenza para executar as obras de legalización de reforma parcial de vivenda sita en Camiño de Ameixaga, 3.

LIC/1723/2018.- COMUNIDADE DE VECIÑOS BLOQUE 22 VISTA ALEGRE.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para adecuación funcional do edificio, rehabilitación integral (instalación de ascensor, fachada, ventás, terrazas) dun edificio sito en rúa Rianxo nº 3 – Rúa Boiro nº 4.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar as obras de legalización de reforma parcial de vivenda sita en Camiño de Ameixaga, 3. LIC/1931/2018. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remisión de copia da resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, e concesión de licenza para adecuación funcional do edificio, rehabilitación integral (instalación de ascensor, fachada, ventás, terrazas) dun edificio sito en rúa Rianxo nº 3 - Rúa Boiro nº 4. LIC/1723/2018. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á aprobación do texto do convenio para regularizar a situación patrimonial de equipamentos públicos da Universidade de Santiago de Compostela e do Concello de Santiago. Apróbase o convenio, que téñen por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Universidade de Santiago e o Concello de Santiago regulando as consecuencias derivadas do atraso no traslado da Facultade de Odontoloxía previsto no reparcelamento voluntario da OE-5, compensando ao Concello polos inconvenientes ocasionados. O concello de Santiago comprométese a adscribir a favor da Universidade de Santiago a edificación municipal ocupada pola Facultade de Odontoloxía polo prazo de dez anos, sen afectar á titularidade do inmovible; mentres que a Universidade de Santiago se compromete a adscribir gratuítamente ao Concello polo prazo de 25 anos o uso da edificación da que é titular na rúa das Casas Reais, denominada Casa de Elisa e Jimena Fernández de la Vega.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Educación relativa á aprobación da liquidación do programa municipal de conciliación "Escolas de Verán 2018", meses de xuño, xullo e setembro. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Educación relativa á aprobación do expediente do "servizo de xestión e desenvolvemento das escolas municipais de verán 2019. Programa de conciliación do departamento de Educación e Cidadanía do Concello de Santiago", gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 73.996,25 euros, IVE incluído.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Políticas Sociais relativa ao inicio dun expediente por incumprimento do contrato do "servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de centros cívicos do Concello de Santiago de Compostela". Acórdase iniciar un expediente por incumprimento reiterado das condicións de execución do obxecto do contrato para a prestación do servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de Centros Cívicos do Concello de Santiago e das ordes do Concello para a súa execución, do que é titular a empresa Ferrovial Servicios SA, infraccións definidas como moi graves na cláusula 25 do prego administrativo de aplicación. Dáse audiencia ao contratista por un prazo de 15 días hábiles.

8.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa á devolución de fianza de "obras de mellora da pavimentación dos viarios nas parroquias de Busto e Marantes (POS 2016)". Apróbase a proposta.

9.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa á devolución de fianza de "reforzo do firme das vías públicas municipais 2010 (2ª fase)". Apróbase a proposta.

10.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa á devolución de fianza de "servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os centros de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela, durante os cursos escolares 2013-2014 e 2014-2015". Apróbase a proposta.

11.- Proposta da concelleira delegada de Mercados relativa ao traspaso da caseta da Praza de Abastos número NC159, da titularidade de dna. LOURDES VIQUEIRA IGLESIAS, a favor de dna. DOLORES CARDELLE LEIS. Apróbase a proposta.

12.- Proposta da concelleira delegada de Mercados relativa ao traspaso da caseta da Praza de Abastos número NC073, da titularidade de dna. JOSEFINA OTERO GRELA, a favor de "BA RETAIL NOROESTE, S.L.". Apróbase a proposta.

13.- Proposta da concelleira delegada de Mercados relativa ao traspaso da caseta da Praza de Abastos números NC063 e NC064, da titularidade de dna. JOSEFINA FERNÁNDEZ CANEDO, a favor de d. DIEGO SAAVEDRA DEIRA. Apróbase a proposta.

URXENCIAS

1.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación da convocatoria e bases reguladoras de subvencións municipais complementarias ás convocadas ao abeiro dos Plans Estatais de Vivenda nas Áreas de Rehabilitación, Rexeneración e Renovación Urbana delimitadas no Concello de Santiago. Apróbase a convocatoria, que conta cun orzamento total de 175.000 euros. A axuda individual correspondente a estas axudas complementarias en ningún caso poderá exceder de 18.000 euros. O prazo de solicitude iniciárase a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no BOP e rematará o 30 de setembro de 2019.

2.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á creación dunha nova zona ORA no aparcamento da Pontepedriña. Apróbase a creación dunha nova zona ORA na parcela situada entre os pk 377/839 ao 378/133 da liña de ferrocarril Zamora-A Coruña, na zona de Pontepedriña e Cornes, da que resultan un total de 193 prazas de aparcamento no réxime de longa duración, durante o prazo de 15 anos, que poderá prorrogarse ao mesmo tempo que a prórroga da concesión. A xestión desta área será levada a cabo pola entidade Tussa.

3.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación da subministración de equipos novos para respiración autónoma, máscaras faciais respiratorias, cascos de protección individual e outros equipos e materiais complementarios de intervención para o servizo de extinción de incendios e salvamento. Apróbase o expediente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 135.632,17 euros, IVE incluído.

4.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á prorroga do contrato de alugueiro do local N° 3, sito na rúa de Galeras, 28 baixo, con destino á relocalización das oficinas de catastro e censos municipais. Acórdase prorrogar o contrato polo prazo dun ano a contar desde o 1 de maio de 2019 ata o 30 de abril de 2020. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro, que queda fixado en 824,33 euros mensuais.

5.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e obras para o Equilibrio Territorial relativa á resolución do contrato para a execución das obras de reparación da rúa Pedreira e anexos. POS 2015. Acórdase desestimar as alegacións formuladas pola empresa Construcciones RAFAER SL ao expediente de resolución do contrato de execución das obras de reparación da rúa Pedreira e anexos (POS 2015), iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de 1 de febreiro de 2019. Acórdase tamén solicitar o informe preceptivo do Consello Consultivo de Galicia con carácter previo á adopción do acordo de resolución do contrato, así como suspender este procedemento polo tempo que medie entre a petición dese informe e a súa emisión.

6.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á resolución do contrato para a execución das obras de reparación da rúa Escarabuña e anexas. POS 2015. Acórdase desestimar as alegacións formuladas pola empresa Construcciones Taboada Ramos SL ao expediente de resolución do contrato de execución das obras de reparación da rúa Escarabuña e anexas (POS 2015), iniciado mediante acordo da Xunta de Goberno de 8 de febreiro de 2019. Acórdase tamén solicitar o informe preceptivo do Consello Consultivo de Galicia con carácter previo á adopción do acordo de resolución do contrato, así como suspender este procedemento polo tempo que medie entre a petición dese informe e a súa emisión.